

**ACTA DE APERTURA DE SOBRES A E B DAS PROPOSICIONES  
PRESENTADAS PARA OPTAR Á CONTRATACIÓN MEDIANTE  
PROCEDIMENTO NEGOCIADO DE SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN  
DE UNIDADES DE CONTROL DE ACCESO E VIDEOVIXILANCIA PARA UN  
NOVO PUNTO DE CONTROL NA RÚA AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA**

Na sede social de Nauta Sanxenxo, S.L. sendo as 09:40 horas do día vinte e sete de xaneiro de dous mil dezasete, constituída a mesa composta por D. Gonzalo Gonzalo Pita, como Presidente de Nauta Sanxenxo, S.L.. D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Bua como Concelleira de persoal e seguridade cidadá, D<sup>a</sup> Mónica Martínez Montes, como auxiliar administrativo da mercantil "Nauta Sanxenxo, S.L." e D<sup>a</sup> María Teresa Cortizo Piso, como secretaria do Consello de Administración de Nauta Sanxenxo, S.L., que da fe deste acto.

Procédese a apertura dos sobres A e B das dúas plicas presentadas, a valoración resultante é a seguinte:

**I. SOBRES A:**

1. PLICA NÚM. UN: presentada pola empresa I MAS D3 EQUIPAMIENTOS TECNOLÓGICOS, S.L.

Aberto o sobre A, constátase que a documentación se axusta ó solicitado, admítese.

2. PLICA NÚM. DOUS: presentada pola empresa EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD,S.L.

Aberto o sobre A, constátase que a documentación se axusta ó solicitado, admítese.

**II. SOBRES B:**

1. PLICA NÚM. UN: presentada pola empresa I MAS D3 EQUIPAMIENTOS TECNOLÓGICOS,S.L.

Aberto o sobre B, constátase que D. Raul Adrian Conde en nome e representación da empresa I MAS D3 EQUIPAMIENTOS TECNOLÓGICOS, S.L., oferta o suministro e instalación de unidades de control de acceso e videovixilancia para un novo punto de control na rúa Augusto González Besada polo prezo de 25.330,30 € con IVE, o que supón unha baixa de 472,95€ respecto do prezo de licitación. O prazo de suministración é de 40 días, o que supón unha baixa de 0 días respecto do prazo máximo de realización do suministro. Inclúe memoria descriptiva de realización da suministración.

Admítese

2. PLICA NÚM. DOUS: presentada pola empresa EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD, S.L.

Aberto o sobre B, constátase que D. Gaspar De Haz Bardinet en nome e representación da empresa EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD, S.L. oferta o suministro e instalación de unidades de control de acceso e videovixilancia


para un novo punto de control na rúa Augusto González Besada polo prezo de 25.484,51 € con IVE, o que supón unha baixa de 318,74€ respecto do prezo de licitación. O prazo de subministración é de 30 días, o que supón unha baixa de 10 días respecto do prazo máximo de realización do subministro. Inclúe memoria descriptiva de realización da subministración.

Admítese

### **III. ADMITIDAS:**

Acórdase admitir as dúas ofertas. Así mesmo segundo consta no prego de cláusulas administrativas particulares na cláusula 9c procédese a solicitar a emisión do informe técnico realizado pola redactora do prego de prescripcións técnicas que forma parte deste expediente no que figurará unha proposta de atribución de puntuación conforme aos aspectos sobre os que versará a negociación. Segundo a cláusula 9d unha vez realizada a valoración das ofertas presentadas, abrirase a fase de negociación coas diferentes persoas físicas ou xurídicas que presentaron as ofertas sobre a base das mesmas. Procederase a dar traslado a cada un dos licitadores do resultado da valoración técnica de tódalas plicas presentadas, comunicándolle a fase de negociación que terá lugar unha vez se teña emitido o informe técnico de valoración.

Lida a acta, sen reclamacións polos asistentes, dáse por finalizado o acto cando son as 09:55 horas.



D. GONZALO GONZALO PITA  
PRESIDENTE



Dª Mª TERESA CORTIZO PISO  
SECRETARIA CONSELLO



Dª VANESSA RODRÍGUEZ BUA  
CONCELLEIRA DE PERSOAL



Dª MÓNICA MARTÍNEZ MONTES  
AUX. ADTVA. NAUTA